



DEPUTACIÓN DE LUGO

CÓDIGO DE BO GOBERNO

DEPUTACIÓN DE LUGO– CÓDIGO DE BO GOBERNO

Préambulo

O Código Europeo de Conduta para a integridade política dos representantes locais electos, aprobado polo CPLRE, avoga pola promoción de códigos de conduta para os representantes locais como instrumentos que permitirán crear confianza entre os políticos e os cidadáns, indispensable para que aqueles que teñan que desempeñar as súas funcións poidan facelo de xeito eficiente, posto que o respecto polo mandato do electorado vai estreitamente unido ao respecto dunhas normas éticas.

Nesta dirección insiste, tamén, a Conferencia de Ministros europeos responsables das institucións locais e rexionais con ocasión da declaración sobre “a participación democrática e a ética pública a nivel local e rexional”. A súa declaración da sesión de Valencia, 15 e 16 de outubro de 2007, facendo referencia á Axenda de Budapest e a outras Recomendacións do Consello de Ministros e do Consello de Europa, lémbrenos a utilidade do Manual de Boas Prácticas sobre a Ética Pública no nivel do Gobernos locais.

En base ás súas recomendacións e respectando o marco normativo vixente considérase conveniente a redacción dunha serie de principios e o deseño de instrumentos de goberno, que contribúan a consolidar pautas de comportamento dos representantes locais en aras de configurar unha ética pública común que evite a mala xestión, deterre posibles actuacións corruptas e, pola contra, sirva para xeneralizar as boas prácticas. Todo programa de goberno de institucións públicas debe incluír entre as súas estratexias primordiais a de lograr unha gobernanza e unha función pública fundadas en principios éticos. A Deputación de Lugo, que persegue colocar á cidadanía no centro das súas decisións, expresa a súa decidida vontade política de compromiso con todas as medidas que poidan conformalo.

Os programas de bo goberno e boa administración de institucións públicas deben subliñar a importancia de planear medidas encamiñadas a facilitar o cumprimento dos valores cívicos que están no centro das accións de goberno e administración pública, de xeito que o servizo obxectivo ao interese xeral, como dispón o artigo 103 da Constitución Española, constitúa a espiña dorsal da tarefa pública dos dirixentes e dos empregados ao servizo da Administración da nosa provincia.

O papel dos representantes locais na xestión debe ser exercido, en xeral, con sentido da reponsabilidade, vontade de servizo á sociedade, transparencia, eficacia e dedicación plena ás súas funcións públicas.

Non obstante, nalgúns ocasións, o sistema democrático soporta casos de mala xestión e corrupción, falta de transparencia na xestión e na relación coa cidadanía, afastamento dos cargos electos da realidade social, situacións de transfuguismo, connivencia cos intereses privados, ausencia de canles suficientes para o control da xestión por parte da oposición.

Aínda sendo casos excepcionais, estes feitos degradan e prexudican á democracia e danan a credibilidade de institucións e políticos. Fronte a estes fenómenos, a única resposta posible é a de comprometerse co bo funcionamento da democracia local e profundizar nela a través dunha conduta honesta, transparente e aberta á participación.

Consideramos o ámbito provincial e local coma un espazo estratéxico da acción política e o futuro da democracia, así como para o desenvolvemento dos dereitos da cidadanía e unha oportunidade para facer realidade os dereitos sociais de nova xeración. Con esta bagaxe, promovemos o desenvolvemento deste *Código do Bo Goberno Local*.

Así mesmo, o Código poderá servir para complementar a lexislación estatal, asegurando a efectiva realización daqueles desenvolvementos normativos que as leis estatais de aplicación no ámbito local remiten aos gobernos locais.

En aplicación destas consideracións contribuíremos á mellora dos modelos de xestión e aseguraremos aos cidadáns e cidadás un bo goberno local como garantía de igualdade e solidariedade, adquirindo un compromiso coa ética pública e a calidade democrática no ámbito de xestión máis próximo á cidadanía. Trátase, ao fin, de profundizar na configuración democrática e participativa das corporacións locais.

Por iso, faise necesario un acordo que, en execución destes antecedentes, recolla como mínimo os seguintes aspectos:

Ámbito de aplicación

Este Código é de aplicación aos Altos Cargos da Deputación de Lugo, entendendo como tales a:

- Presidente
- Vicepresidentes
- Membros da Xunta de Goberno
- Membros do Pleno
- Membros da Comisión Especial de Contas
- Aqueles postos que se teñan designado para dar cumprimento a funcións de carácter directivo

Principios do Código do Bo Goberno

- Os Altos Cargos da Deputación de Lugo actuaremos no desempeño das nosas funcións de acordo coa Constitución, o Estatuto de Autonomía e o resto do ordenamento xurídico e axustaremos a nosa actividade aos principios éticos e de conduta contidos no presente Código de Bo Goberno.
- Rexerán as nosas actuacións a eficiencia, a modernización da Administración e o bo servizo á cidadanía, defendendo os intereses xerais con honestidade, obxectividade, imparcialidade, confidencialidade, austeridade e cercanía á cidadanía
- Colaboración e lealdade institucional no desenvolvemento das relacións interadministrativas

- Contribuíremos á mellora dos modelos de xestión e aseguraremos á cidadanía un bo goberno como garantía de igualdade e solidariedade, adquirindo un compromiso coa ética pública e a calidade da democracia no ámbito de xestión máis próximo á cidadanía, á que facilitaremos o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas
- Absterémonos de exercer as nosas funcións ou utilizar as prerrogativas do cargo para favorecer intereses privados, propios ou de terceiras persoas, prohibindo o favoritismo e o exercicio da autoridade en beneficio propio
- Os membros da Xunta de Goberno non aceptarán agasallos que sobrepasen o usos e costumes por simple cortesía por parte de entidades e persoas.
- Incluíremos entre os principais obxectivos das políticas provinciais a loita contra o cambio climático, a protección do medio ambiente e a ordenación racional e sostible do territorio.

Medidas para mellorar a xestión e a calidade da democracia local

Resulta indispensable o estímulo e desenvolvemento de todas aquelas medidas que contribúan a achegar a administración á cidadanía e garantan a máxima transparencia na xestión e a máis ampla información. Para conseguilo:

- Artellaremos Comisións de Control e Seguemento na contratación pública para garantir que a contratación realizada se leve a efecto baixo os principios de transparencia, legalidade, publicidade e libre concorrência.
- Crearemos mecanismos para posibilitar a formulación de Suxerencias e Reclamacións como medio de profundizar na participación e comunicación cos cidadáns.
- Publicarase detalladamente o procedemento de concesión de subvencións e axudas, con determinación da contía e do beneficiario, e co máximo nivel de transparencia acerca das persoas xurídicas solicitantes e dos grupos dos que dependan
- Impulsarase a aplicación da Lei de Acceso Electrónico dos Cidadáns á Administración, destinando recursos á utilización das tecnoloxías da información e o coñecemento
- Promoveremos o diálogo cos sectores sociais, cos traballadores da administración e as organizacións sindicais, incentivando o compromiso coa eficiencia na prestación de servizos públicos locais

Medidas de democracia participativa

- A democracia representativa e a democracia participativa non son alternativas contrapostas, senón que se complementan e reforzan unha á outra. Por unha parte, un movemento asociativo sólido e unha sociedade participativa e ben estruturada resultan imprescindibles para a profundización da democracia provincial e local
- Fomentaremos unha Administración relacional, dialogante, que implique e consulte á cidadanía e aos diferentes axentes económicos, sociais e culturais, facilitando as canles e os medios necesarios

- Aseguraremos o dereito á información entre a cidadanía e os representantes provinciais, aproveitando ao máximo as tecnoloxías da información, a cuxa utilización contribuíremos decididamente
- Desenvolveremos fórmulas diversas de avaliación cidadá da xestión provincial. Para favorecer dita avaliación, daremos conta de xeito regular do grao de cumprimento dos obxectivos da xestión e do nivel de execución orzamentaria.

Conflitos de intereses

- Sen prexuízo das competencias que a cada Alto Cargo correspondan en canto á dirección da acción política da súa responsabilidade, estes respectarán en todo momento a profesionalidade dos empregados ao servizo da Administración provincial no desempeño das súas tarefas, sen tratar de influír nas súas decisións e actuacións, en aras de procurar a atención de intereses parciais, privados ou partidistas.
- Os Altos Cargos da Deputación evitarán o uso dos recursos públicos de publicidade e comunicación institucional ao servizo de intereses parciais, privados ou partidistas
- Os Altos Cargos da Deputación evitarán contraer obrigas económicas ou doutro tipo que impliquen o risco de supoñer conflitos de intereses co cargo que desempeñan. A estes efectos, entenderase que existe conflito de intereses cando os Altos Cargos interveñan en decisións relacionadas con asuntos nos que conflúan intereses do seu posto con intereses privados ou de familiares nos termos previstos na lexislación aplicable, ou intereses compartidos con outras persoas.
- De conformidade co disposto na lexislación sobre réxime xurídico das administracións públicas, os Altos Cargos da Deputación deberán absterse de tomar parte naqueles procedementos sobre os que teñan intereses privados, propios ou da súa contorna familiar e social directa.
- Os Altos Cargos da Deputación evitarán participar en beneficio propio ou en representación de terceiro, directa ou indirectamente, en licitacións contractuais ou en procedementos de enaxenación de bens do patrimonio da Deputación.
- Con carácter xeral, os Altos Cargos da Deputación respectarán a lexislación sobre incompatibilidades e conflitos de intereses que lles sexa aplicable.
- Sen prexuízo do establecido no Código Penal, os Altos Cargos da Deputación rexeitarán aquelas atencións, agasallos, servizos ou liberalidades que, por exceder dos usos sociais ou de cortesía, poidan condicionar o bo desempeño das súas competencias
- Os Altos Cargos da Deputación evitarán dispensar acceso ou tratamento privilexiado a persoas físicas ou entidades directamente interesadas na promoción dos seus produtos e servizos. A estes efectos, entenderase por acceso ou tratamento privilexiado aquel que implique unha discriminación respecto da que o Alto Cargo da Deputación ordinariamente concede a calquera outra persoa ou entidade
- En ningún caso tratará de influír noutro membro da Deputación para a axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo algún, sen causa, nin

cando iso supoña un privilexio en beneficio propio ou da contorna familiar e social inmediata, nin cando se faga menoscabando os intereses de terceiros

Incompatibilidades e declaracións de actividades e bens

- Os Altos Cargos da Deputación de Lugo formularán, ao inicio e final do mandato, declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos
- Faranse públicas as declaracións de bens, de actividades e causas de posible incompatibilidades do Altos Cargos, conforme aos modelos que serán aprobados polo Pleno
- Os Altos Cargos da Deputación presentarán sus declaraciones de actividades, bens e dereitos patrimoniais en prazo de dous meses dende que se produzan
- Publicaranse as retribucións íntegras, así como as compensacións económicas que perciban pola representación desempeñada con motivo do seu cargo, dos Altos Cargos

Deber de confidencialidade

- Os Altos Cargos da Deputación que participen en órganos colegiados gardarán o debido sigilo sobre as deliberacións mantidas no seu seo
- Os Altos Cargos da Deputación gardarán discreción en relación á información que coñezan ou das que dispoñan por razón do desempeño do seu cargo, asegurándose de que o acceso á mesma se efectúe con arranxo á lei, e facilitándolla na súa integridade a quen, no seu caso, o suceda no desempeño do seu cargo.

Retribucións económicas dos electos

- As retribucións dos representantes deben respostar a criterios obxectivos tales como a poboación, o orzamentos ou a situación financeira provincial
- As contías retributivas fixaranse partindo duns baremos que utilizarán, como límites e criterios comparativos, o réxime retributivo de cargos públicos doutras institucións e/ou funcionarios públicos que desempeñen cargos de similar reponsabilidade, ben sexa no ámbito local, estatal ou autonómico.
- As remuneracións dos altos cargos serán publicadas para coñecemento da cidadanía
- Os Altos Cargos actuarán de acordo con criterios de austeridade e prudencia na súa política de gastos

Mecanismos para a súa aprobación, difusión e cumprimento

- A Deputación incorporará ao seu ordenamento, a través dos seus Regulamentos e outras normas de funcionamento específicas, os principios e normas contidos neste Código
- A Deputación, no momento en que retifique este Código, informará da súa existencia e contido á cidadanía, mencionarao nos fundamentos dos seus acordos e velará polo seu cumprimento.